

DEBUXO TECNICO II ABAU 2024

Circular informativa 2023-09-19

Prezad@s colegas:

Son Óscar Castro García, arquitecto e profesor na Escola de Arquitectura da UDC, aproveito esta circular para presentarme como o director do grupo de traballo en substitución de Antonia Pérez Naya, que xa estivo unha morea de anos á fronte dos exames da ABAU, e á que desexamos recoñecerlle a súa dedicación, eficiencia e o seu bo talante en todos estes anos.

Refiriendonos á ABAU 2024, segundo as últimas disposicións do Ministerio, manterase a estrutura da proba da ABAU como a do ano pasado. Doutra banda, deberanse axustar os contidos da proba ao Decreto 157/2022, de 15 de setembro, que establece o currículo de Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 26 de setembro de 2022), e que nos impón algúns cambios.

Estas modificacións nos contidos estarán á vosa disposición na páxina web da CIUG antes do próximo xoves día 21 de setembro.

Ante o anuncio de que a proba vai ser sometida a unha reforma importante o próximo ano, trataremos de limitar esas modificacións no posible, e non abordaremos cambios maiores.

Sen máis, un saludo cordial.

O grupo de traballo.